Memoria económica

ASOCIACIÓN MISELA

Memoria económica ano 2025

Memoria económica ano 2025

1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE

1.1.- Natureza.

No ano 1993 constitúese na cidade de Noia a Asociación denominada ASOCIACIÓN DE PAIS DO STAND (SERVIZO DE TRATAMENTOS A NENOS CON DISCAPACIDADES)" en réxime de autonomía e no campo delimitado pola lexislación vixente. Ao amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, a Lei 49/2002 de Mecenazgo, pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos seus estatutos, rexerase a entidade denominada "ASOCIACIÓN DE PAIS DO STAND".

Inscríbese no Rexistro Provincial de asociacións da Consellería de Xustiza , Interior e Administración Local co nº 3465/1º, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Asuntos Sociais , Emprego e Relacións Laborais co nº S-794.

No 2012 para dar un impulso á labor da entidade e aumentar a súa visibilidade social, a Asociación de Pais do STAND cambia de nome, denominándose a partir dese momento MISELA Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia e Muros.

No ano 2010 foi declarada de Utilidade Pública pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Orde 16 de novembro 2010 (DOG nº 236 de 10 decembro 2010).

O domicilio da Asociación establecese na Avda. República Arxentina, nº 60 no concello de Noia.

1.2.- Actividades realizadas.

A continuación describiremos os servizos e programas desenvolvidos pola asociación en 2025:

1.Equipo de desenvolvemento infantil e Atención Temperá (EDIAT) (0 a 16 anos)

En outubro de 2022, o Concello de Noia, como representante da Agrupación de Concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes e Porto do Son, contrata os nosos servizos para desenvolvelos no SAT (Servizo de Atención Temperá) público, en concreto de Fisioterapia e Terapia Ocupacional. Así, os nenos e nenas de 0 a 6 anos con necesidades de apoio nestes ámbitos poden acceder a unha atención globalizada e interdisciplinar de forma gratuíta.

Polo tanto, as nosas profesionais destas disciplinas intégranse a xornada parcial no equipo de profesionais do SAT, e o grupo de atención de Atención Temperá que atendíamos na Asociación Misela trasládase ó SAT.

No ano 2025 foron atendidos un total de 34 nenos e nenas de 6 a 16 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelo, e as súas familias, procedentes dos concellos de Noia, Outes, Lousame, Porto do Son, Muros e outros concellos. As actividades realizadas consistiron en:

- Intervención: atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional e psicoloxía, programa de transición á vida adulta, asesoramento en adaptación funcional do entorno e produtos de apoio, relación co entorno.
- Atención ás familias: atención psicolóxica individual, información e orientacións, derivación a outros profesionais, etc.
- Seguimento: a través de citas periódicas (mensuais, trimestrais, etc.), efectúanse revisións do estado do neno, e propóñense orientacións para apoiar a súa evolución.

  En canto á satisfacción das familias obsérvanse os seguintes datos:

  - O 92,30% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo.

  - O 76,92% das familias están moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

2.Centro de día Misela (16-65 anos).

No ano 2025 houbo un total de 16 persoas usuarias no Centro de Día, e as súas familias, procedentes dos concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes e Carnota. As actividades realizadas consistiron en:

- Área de información, valoración, seguimento e orientación: valoración, seguimento, avaliación e coordinación e o servizo de información, orientación e formación a familiares
- Área de formación básica e instrumental: asistencia e fomento da autonomía nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- Área de actividades e programas: actividades de ocio, deportivas e outros obradoiros temáticos e de formación.
- Área de mantemento e/ou rehabilitación: Atención Pedagóxica, Atención psicolóxica, Fisioterapia e Psicomotricidade.
- Área de servizos xerais: manutención e dietas especiais, limpeza e mantemento, xestión administrativa e supervisión e vixilancia.

En canto á satisfacción o 85,71% das persoas usuarias están moi satisfeitos no centro e o 100% están moi satisfeitos coas persoas que os atenden.

En canto ás familias, os resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción amosan a nivel xeral:

- O 100% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo ou familiar.
- O 100% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

3.Centro Ocupacional Misela (16-65 anos).

No ano 2025 houbo un total de 15 persoas usuarias no Centro Ocupacional, e as súas familias, procedentes dos concellos de Noia, Outes, Lousame, Porto do Son e Muros. As actividades realizadas consistiron en:

- Área de información, valoración, seguimento e orientación: valoración, seguimento, avaliación e coordinación e o servizo de información, orientación e formación a familiares
- Área de formación básica e instrumental: asistencia e fomento da autonomía nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- Área de actividades e programas: actividades de ocio, deportivas e outros obradoiros temáticos e de formación.

- Área de formación profesional: formación en horticultura, Programa Voga-Voga, Novas tecnoloxías, etc.
- Área de mantemento e/ou rehabilitación: Atención Pedagóxica, Atención psicolóxica, Fisioterapia e Psicomotricidade.
- Área de servizos xerais: manutención e dietas especiais, limpeza e mantemento, xestión administrativa e supervisión e vixilancia.

En canto á satisfacción un 71,43% están moi satisfeitos no centro e o 85,71% indican que están satisfeitos coas persoas que os atenden.

En canto ás familias, os resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción amosan a nivel xeral:

- O 92,86% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo ou familiar.
- O 92,86% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

4.Servizo de promoción da autonomía pesoal

O Servizo de Promoción da Autonomía Persoal no Medio Rural diríxese a persoas con discapacidade física, intelectual e mixta, as súas familias e o seu entorno próximo. O número total de beneficiarios no ano 2025 foi de 3 persoas que acudiron a fisioterapia.

5.A Xestión

- O 75% dos obxectivos de calidade 2025 foron acadados.
- O 80% das campañas de comunicación contou no 2025 con ó menos o 80,00% de accións realizadas.
- Nas páxinas da Asociación Misela temos 3.460 seguidores en Facebook e 1.322 en Instagram.
- O 100 % dos traballadores estiveron satisfeitos ou moi satisfeitos coa Asociación Misela.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DE CONTAS ANUAIS

2.1.- Imaxe fiel do patrimonio

a) Imaxe fiel.

As contas anuais do exercicio 2025 foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2025 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES e o

resto de disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

En particular aplícase o Real Decreto 1491/2012, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos á adaptación sectorial e a Resolución de 26 de marzo de 2013 do ICAC polo que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins de lucro.

b) Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.

A Asociación Misela aplica en medida as disposicións legais en materia contable.

c) Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.

A Asociación non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel do patrimonio.

2.2.- Principios contables non obrigatorios aplicados

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade, e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicar outros alternativos.

2.3.-Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

Misela elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmobilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

É posible que, a pesares destas estimacións realizadas en función da mellor información dispoñible á data de formulación das contas anuais sobre feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos de cambios de estimación nas correspondentes contas de perdas e ganancias futuras.

2.4.- Comparación da información.

A Asociación non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. A información do exercicio que se informa e comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

2.5.- Elementos recollidos en varias partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

2.6.- Cambios en criterios contables.

Non houbo cambios en criterios contables.

2.7.- Corrección de erros.

Durante o ano 2025 fixéronse correccións por erros de anos anteriores por importe global de -279,44€ (+13.476,76€ en 2024).

3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

1.-No exercicio 2025 obtense un resultado positivo de 10.856,19€.

A Xunta Directiva da entidade proporá á Asemblea o traspaso do resultado do exercicio a fondo social, segundo os seguintes importes:

BASE DO REPARTO	IMPORTE
Resultado do exercicio	10.856,19
Remanente	0,00
Reservas voluntarias	0,00
Outras reservas de libre disposición	0,00
TOTAL……	**10.856,19**
APLICACIÓN	**IMPORTE**
A fondo social	10.856,19
A reservas especiais	0,00
A reservas voluntarias	0,00
A excedentes negativos de exercicios anteriores	0,00
TOTAL……	**10.856,19**

3.- Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos no apartado 1.

Durante o ano 2025 traspasouse o resultado do exercicio 2024, que ascendía a 59.832,89€ a

fondo social.

4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN DE CONTAS.

4.1.- Inmobilizado intanxible .

O inmobilizado intanxible recóllese no Balance cando e probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo de un pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre co criterio de:

- Identificabilidade: O inmobilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:
  a. Sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
  b. Xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

Dentro do inmobilizado intanxible atopamos as partidas de Aplicacións informáticas, que se amortiza a un porcentaxe do 25 %.

4.2.- Inmobilizado material .

O inmobilizado material recoñecese no Balance cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para entidade nun futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1) . Preséntase ó custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmobilizado, recoñécense coma gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual a amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. A vida útil estimada por partidas de inmobilizado material foron as seguintes (en porcentaxes):

Inmobilizado material	%depreciación
Construccións	2%
Instalacións técnicas	10%
Maquinaria	10%
Utillaxe	25%-33%
Mobiliario	10%
Equipos procesos información	25%
Elementos de transporte	16%
Outro inmobilizado material	12,5%-10%

Durante o exercicio 2025 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

4.3.- Bens integrantes de Inversións Inmobiliarias

A Asociación Misela non posúe bens integrantes de inversións inmobiliarias

4.4.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico

A Asociación Misela non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.5.- Permutas.

Durante o exercicio 2025 non existiron permutas.

4.6.-Instrumentos financeiros.

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

Activos financeiros:

Os activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluíndo en xeral os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. A efecto da súa valoración posterior, os activos financeiros inclúense entre as categorías seguintes:

- *Activos financeiros a custo amortizado*: os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano Neste epígrafe, inclúense tamén os saldos pendentes de cobrar de subvencións outorgadas á Asociación Misela independentemente de que as mesmas estean executadas ou aínda non executadas, en ámbolos dous casos recóllese a débeda pola subvención concedida que se estima

cobrar sempre nun prazo inferior ó ano. Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo custe, que equivalerá ó valor razoable da contraprestación entregada máis os custes da transacción. Os intereses devengados contabilizaranse na conta de resultados, aplicando o método do tipo de interese efectivo.

- *Activos financeiros mantidos para negociar*: inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ó seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Activos financeiros a custo:* constituídas fundamentalmente por participacións no capital de certas sociedades, a fin de exercicio avalíase a recuperabilidade futura da inversión, deteriorando o valor da inversión en caso de que non sexa recuperable. Tamén se inclúen nesta categoría os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados na anterior categoría.

Pasivos financeiros:

A entidade clasifica os seus pasivos nas categorías de:

- *Pasivos a custo amortizado*: valorados inicialmente polo custe, que equivalerá ó valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custes da transacción. Esta categoría intégrana:
    1. *Débitos e partidas a pagar a entidades financeiras:* valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que equivale ó importe recibido deducidos os custos de transacción, e posteriormente polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias aplicando o método do tipo de interese efectivo.
    2. *Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais e outras con vencemento non superior a un ano:* valóranse polo seu valor nominal.
- *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: Considerarase que un pasivo financeiro posúese para negociar cando sexa un instrumento financeiro derivado segundo se define na norma sobre activos financeiros, sempre que non sexa un contrato de garantía financeira nin fora designado como instrumento de cobertura. En ningún caso a entidade poderá reclasificar un pasivo financeiro incluído inicialmente nesta categoría a de pasivos financeiros a custe amortizado, nin viceversa. Estes pasivos valóranse posteriormente ó

seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

4.7.- Existencias.

A Asociación Misela a 31/12/2025 non posúe existencias en almacén.

4.8.- Transaccións en moeda estranxeira.

Durante o exercicio económico 2025 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

4.9.- Imposto sobre beneficios.

Durante o exercicio económico 2025 as fontes de ingresos de Misela consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns ou aportacións de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas dos seus socios e afiliados, así como a prestación de servizo de prazas públicas, e tamén privadas de centro de dia e centro ocupacional a persoas con discapacidade, formuladas as públicas, a través dun contrato coa Consellería de Política Social.

Ó ser a Asociación Misela unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.2 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

4.10.- Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido

4.11.- Provisións e continxencias.

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2025.

4.12.- Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ó patrimonio neto e se recoñecerán na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non

reintegrables cando cumpran as condiciones polas que foron concedidas e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

a).- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

b).- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

c).- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

d).- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

4.13.- Negocios conxuntos.

A Asociación durante o 2025 non tivo operacións deste tipo.

4.14.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Asociación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓNS INMOBILIARIAS.

O movemento que houbo durante o exercicio 2025 nas contas incluídas neste epígrafe e as súas correspondentes amortizacións son as seguintes:

Inmobilizado inmaterial

Ano 2025

COSTE DE ADQUISICIÓN 2025				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	3.169,52			3.169,52
Páxina Web-Redes Sociais	5.445,00			5.445,00
TOTAL...	**8.614,52**	**0,00**	**0,00**	**8.614,52**

AMORTIZACIÓN ACUMULADA ANO 2025					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	3.169,52			3.169,52	0,00
Páxina Web-Redes Sociais	1.484,32	1.360,92		2.845,24	2.599,76
TOTAL...	**4.653,84**	**1.360,92**	**0,00**	**6.014,76**	**2.599,76**

Ano 2024

COSTE DE ADQUISICIÓN 2024				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	3.169,52			3.169,52
Páxina Web-Redes Sociais	5.445,00			5.445,00
TOTAL...	**8.614,52**	**0,00**	**0,00**	**8.614,52**

AMORTIZACIÓN ACUMULADA ANO 2024					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	3.169,52			3.169,52	0,00
Páxina Web-Redes Sociais	123,07	1.361,25		1.484,32	3.960,68
TOTAL...	**3.292,59**	**1.361,25**	**0,00**	**4.653,84**	**3.960,68**

Inmobilizado material

Ano 2025

COSTE DE ADQUISICIÓN 2025				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Terreno		30.000,00		30.000,00
Construcións	709.012,04			709.012,04
Instalacións técnicas	3.072,57			3.072,57
Maquinaria	41.329,68			41.329,68
Utillaxe	43.519,97	280,01		43.799,98
Outras instalacións	34.724,13			34.724,13
Mobiliario	49.040,66	551,76		49.592,42
Equipos procesos Información	28.932,93	546,00		29.478,93
Elementos de transporte	158.690,28			158.690,28
Outro Inmobilizado material	10.322,73			10.322,73
TOTAL	**1.078.644,99**	**31.377,77**	**0,00**	**1.110.022,76**

AMORTIZACIÓN ACUMULADA ANO 2025					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Terrenos	0,00	0,00		0,00	30.000,00
Construcións	132.362,04	14.180,28		146.542,32	562.469,72
Instalacións técnicas	2.750,07	242,64		2.992,71	79,86
Maquinaria	17.672,54	3.613,20		21.285,74	20.043,94
Utillaxe	27.309,39	9.240,60		36.549,99	7.249,99
Outras instalacións	2.854,70	3.479,64		6.334,34	28.389,79
Mobiliario	36.129,26	3.469,68		39.598,94	9.993,48
Equipos procesos Información	19.547,01	3.861,36		23.408,37	6.070,56
Elementos de transporte	113.157,77	13.344,36		126.502,13	32.188,15
Outro Inmobilizado material	4.010,06	900,60		4.910,66	5.412,07
TOTAL	**355.792,84**	**52.332,36**	**0,00**	**408.125,20**	**701.897,56**

Ano 2024

COSTE DE ADQUISICIÓN 2024				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Construcións	709.012,04			709.012,04
Instalacións técnicas	3.072,57			3.072,57
Maquinaria	41.329,68			41.329,68
Utillaxe	41.829,08	1.690,89		43.519,97
Outras instalacións	3.394,05	31.330,08		34.724,13
Mobiliario	46.950,66	2.090,00		49.040,66
Equipos procesos Información	28.932,93			28.932,93
Elementos de transporte	158.690,28			158.690,28
Outro Inmobilizado material	10.214,73	108,00		10.322,73
TOTAL	**1.043.426,02**	**35.218,97**	**0,00**	**1.078.644,99**

AMORTIZACIÓN ACUMULADA ANO 2024					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Construcións	118.181,78	14.180,26		132.362,04	576.650,00
Instalacións técnicas	2.442,80	307,27		2.750,07	322,50
Maquinaria	14.058,87	3.613,67		17.672,54	23.657,14
Utillaxe	15.920,30	11.389,09		27.309,39	16.210,58
Outras instalacións	1.604,99	1.249,71		2.854,70	31.869,43
Mobiliario	31.596,14	4.533,12		36.129,26	12.911,40
Equipos procesos Información	15.427,66	4.119,35		19.547,01	9.385,92
Elementos de transporte	98.025,30	15.132,47		113.157,77	45.532,51
Outro Inmobilizado material	3.109,49	900,57		4.010,06	6.312,67
TOTAL	**300.367,33**	**55.425,51**	**0,00**	**355.792,84**	**722.852,15**

Durante o ano 2025, a conta de inmobilizado material da entidade incrementouse cas seguintes adquisicións:

- Terreno por importe de 30.000,00€
- Utillaxe por importe de 280,01€
- Mobiliario por importe de 551,76€
- Equipos para o proceso da información por importe de 546,00€.

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA.

A contas de socios/afiliados debedores e outros debedores da actividade propia contabilízanse aplicando o principio de devengo, independientemente do momento do cobro das mesmas.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Socios /afiliados debedores	0,00	8.097,00	8.097,00	0,00
Usuarios da actividade	11.516,28	102.077,88	99.350,80	14.243,36
Outros debedores da actividade propia	145.542,33	204.832,06	271.028,58	79.345,81
TOTAIS	**157.058,61**	**315.006,94**	**378.476,38**	**93.589,17**

A partida de debedores-usuarios recolle o movemento de facturas de usuarios durante o ano, o saldo correspóndese co importe pendente de cobro a 31 de decembro.

8. BENEFICIARIOS-ACREEDORES E OUTOS PASIVOS FINANCIEIROS

Dentro do epígrafe C.IV do pasivo de balance "Beneficiarios-Acredores" o movemento habido durante o 2025 é o seguinte:

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Beneficiarios e acreedores	0,00	790,00	790,00	0,00
TOTAIS	**0,00**	**790,00**	**790,00**	**0,00**

9. ACTIVOS FINANCEIROS.

Os activos financeiros a curto prazo recolle as débedas de usuarios e debedores por subvencións concedidas e non cobradas.

a. Movemento das contas correctoras por deterioro.

Non existen movementos das contas correctoras por deterioro.

b. Activos valorados polo seu valor razoable.

A entidade non emprega este tipo de valoración para os seus activos financeiros.

c. Empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

Misela está asociada a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade dende o ano 2000.

A composición por categorías dos activos financeiros a 31 de decembro é a seguinte:

Clases / Categ.	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTAIS
	Instrumentos de patrimonio	*Créditos*	*Instrumentos de patrimonio*	*Créditos*	
EXERCICIO 2025					
Préstamos e partidas a cobrar:				143.242,10	143.242,10
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos p/ negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs					
TOTALES:	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**143.242,10**	**143.242,10**
EXERCICIO 2024					
Préstamos e partidas a cobrar:				185.625,50	185.625,50
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos p/ negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs					
TOTALES:	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**185.625,50**	**185.625,50**

Por outra banda o detalle dos saldos correspondentes aos activos financieiros a curto prazo son como seguen:

Concepto	Saldo 2025	Saldo 2024
Debedores por subvencións correntes (de actividades) a cobrar	48.520,50	55.480,00
Debedores por subvencións capital (de inversión) a cobrar	26.579,31	65.172,63
Debedores correntes (de actividades) a cobrar e facturación por prazas c.d.	45.572,44	24.618,07
Debedores por subvencións vinculadas	3.000,00	22.715,23
Socios/Afiliados		
Usuarios	14.243,36	11.516,28
Anticipos de remuneracións	0,00	1.473,51
Periodificacións a curto prazo	5.326,49	4.649,78
Totais	**143.242,10**	**185.625,50**

A partida de debedores por subvencións vinculadas a curto prazo está desglosada na nota de operación vinculadas desta memoria.

Finalmente debemos indicar que a partida de periodificacións corresponde a gastos pagados no 2025 pero que corresponde a súa imputación como gastos ao exercicio seguinte. Do importe

total no activo do balance, a maioría corresponde a seguros, sendo o seu importe de 5.292,95€ (4.573,60€ no exercicio 2024).

10. PASIVOS FINANCEIROS.

Desagregación das categorías de pasivos financeiros.

Clases / Categ.	Instrumentos financeiros a longo prazo			Instrumentos financeiros a curto prazo			TOTAIS
